

## **MÍNIMOS ESIXIBLES**

### **. OBXECTIVOS MÍNIMOS. 2º E.S.O.**

- Adquirir e utilizar o vocabulario específico da área con precisión e rigor.
- Estudar, comparar e contrastar a información obtida a través de diferentes fontes de información directa e indirecta
- Manexar e interpretar correctamente diferentes instrumentos de traballo xeográfico e histórico como as gráficas, os mapas, as series estatísticas etc.
- Elaborar bosquexos, gráficos sinxelos, organigramas e mapas conceptuais para representar os fenómenos históricos e xeográficos traballados.
- Clasificar os distintos tipos de cidades existentes segundo os sistemas de produción e as actividades económicas que se practican nelas.
- Identificar a distribución da poboación no planeta, España e Galicia especificando os factores que condicionan a distribución. Diferenciar entre poboamento rural e urbano.
- Coñecer as distintas fases da evolución da poboación mundial. Comparar diferentes réximes demográficos. Explicar as consecuencias do avellentamento da poboación e outros problemas demográficos.
- Analizar as características da poboación de Galicia e de España: índices de natalidade e fecundidade, taxa de mortalidade, crecemento vexetativo, esperanza de vida pirámides de idade, distribución no territorio etc.
- Comprender as causas e as consecuencias que xeran os movementos migratorios. Clasificar os distintos tipos de migracións. Identificar os fluxos migratorios na actualidade e analizar a evolución dos movementos migratorios en España e Galicia.

- Definir a poboación activa e establecer a súa distribución por sectores económicos. Valorar a incorporación da muller ao mundo laboral.
- Comprender os diversos indicadores do desenvolvemento económico e social; e establecer as principais diferenzas entre as grandes áreas desenvolvidas da Terra e os países do Terceiro Mundo.
- Recoñecer a importancia da evolución dos medios de transporte e as novas tecnoloxías da información e a comunicación na mundialización da economía.
- Coñecer as orixes do Islam e identificar os seus preceptos básicos.
- Saber como se produciu a conquista árabe da Península Ibérica, indicando as batallas, as datas e os personaxes máis representativos deste período histórico.
- Coñecer a evolución política, económica social e cultural de Al-Andalus.
- Analizar as causas e a evolución da Reconquista, así como o proceso de repoboamento dos territorios ocupados.
- Analizar os elementos que propiciaron o nacemento do feudalismo.
- Explicar a composición e os trazos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval: modo de vida, nivel de riqueza, actividades económicas etc.
- Describir distintos edificios característicos do mundo rural da Idade Media: o castelo, o mosteiro, as vivendas dos campesiños etc.
- Saber como estaba organizada a Igrexa na Idade Media, cales eran as súas principais ordes relixiosas; e valorar a importancia desta institución na Europa cristiá.
- Coñecer as orixes da cidade medieval, identificar os seus principais edificios e recoñecer as actividades económicas que se desenvolvían no seu interior, dedicando unha especial atención ao funcionamento dos gremios.

- Identificar e localizar no mapa as principais rutas comerciais e centros mercantís da Idade Media.
- Coñecer a composición e as formas de vida dos distintos grupos sociais que habitaban a cidade medieval, facendo especial fincapé na nova clase social: a burguesía.
- Analizar as causas do renacer cultural das cidades no século XIII e valorar a función cultural e ideolóxica das universidades a partir deste momento.
- Explicar os trazos distintivos da arte románica e da gótica .
- Coñecer as causas da crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV).
- Identificar as características e a evolución dos reinos cristiáns desde o século XII ata finais da Idade Media.